



PLAN ERASMUS

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

Aprobado en Consello Escolar 21/01/2026

ÍNDICE

1. Introducción e xustificación	3
2. Contextualización do centro	3
3. Análise de necesidades (DAFO)	5
4. Internacionalización e temáticas prioritarias	6
5. Obxectivos do Plan Erasmus	8
6. Actividades previstas	9
7. Impacto e difusión	9
8. Avaliación e sostibilidade	10
ANEXO I - MODELO BASES CONVOCATORIAS ERASMUS+	11
ANEXO II - MODELO SOLICITUDE MOBILIDADES DE PERSOAL	13

1. Introducción e xustificación

O presente Plan Erasmus do IES Campo de San Alberto constitúe un plan estratéxico de mellora institucional que integra de forma coherente as oportunidades de mobilidade do programa Erasmus+ no desenvolvemento global do centro.

Este plan foi deseñado dun xeito realista, progresivo e sostible, tendo en conta o tamaño, a experiencia previa e as aspiracións do centro, e responde directamente ás necesidades identificadas polo alumnado, o profesorado e toda a comunidade educativa.

A participación en Erasmus+ concíbese como unha ferramenta clave para aumentar a calidade educativa, fortalecer a dimensión europea do centro e promover unha educación inclusiva, innovadora e comprometida cos valores democráticos e sociais da Unión Europea.

2. Contextualización do centro

O IES Campo de San Alberto é un instituto público de secundaria e bacharelato que atende a un alumnado diverso de orixes sociais, culturais e académicas.

Os programas que se ofrecen no IES son:

- Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) con seccións bilingües (inglés).
- Aula específica para estudantes con necesidades educativas diversas.
- Bacharelato (Xeral, Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais). Programa PluriBach (inglés) con especialización curricular en idiomas.
- Formación Profesional Básica, Ciclos de Formación Profesional de Grao Medio e Ciclos de Formación Profesional de Grao Superior.
- Educación de Adultos e Linguas para migrantes.

O noso centro é único pola súa ampla gama de programas e por ofrecer cursos exclusivos para toda a comarca. Debemos salientar a complexidade do currículo e a diversidade do noso instituto, xa que isto proporciona unha vantaxe para que o alumnado prospere nun ambiente que reflicte a sociedade, compartindo espazos e experiencias de aprendizaxe con membros da mesma comunidade educativa con idades comprendidas entre os 12 e os 80 anos, e de diversas orixes e culturas.

Desenvolvemos proxectos estratéxicos centrados na innovación educativa, no fomento dun clima escolar positivo e na promoción do benestar do alumnado. Neste sentido, o centro participa activamente no programa YAM (Youth Aware of Mental Health) 2023-2028, un programa europeo para a prevención de problemas de saúde mental e suicidio xuvenil, cofinanciado pola Unión Europea. Esta participación reforza o compromiso do centro co benestar emocional, a inclusión e a prevención de condutas de risco, aliándose plenamente coas prioridades de Erasmus+.

O centro tamén mantén colaboracións continuas con organizacións de saúde mental con servizos comunitarios e prácticas restaurativas destinadas a abordar o comportamento

disruptivo e mellorar o clima escolar. Estas iniciativas demostran unha estrutura organizativa ben preparada para implementar proxectos europeos que promoven a inclusión, a diversidade e a participación activa do alumnado.

A estrutura do IES Campo de San Alberto está organizada por departamentos docentes e áreas de coordinación, que traballan transversalmente para a planificación e execución dos diferentes programas e actividades formativas coordinadas polo Equipo Directivo coa colaboración do equipo docente de COMPAÁS.

Departamentos e áreas implicadas:

- Coordinación de proxectos europeos: Responsable da organización e xestión de proxectos Erasmus+, incluíndo a planificación da mobilidade, a documentación, a comunicación cos socios europeos e o seguimento dos resultados. Esta coordinación adoita estar a cargo do profesorado responsable da internacionalización do centro.
- Coordinación COMPAÁS: Responsable da planificación e organización das actividades transversais do centro, garantindo a convivencia e a diversidade. Actividades que implica:
 - Interculturalidade e Internacionalización
 - Igualdade e Diversidade
 - Hábitos de Vida Saudables
 - Rede de Solidariedade, Convivencia, Benestar e Voluntariado
 - Biblioteca e Clubs de Lectura
 - Sostibilidade
 - Polos Creativos: Robótica e Radio
 - Dinamización da Lingua Galega
- Departamentos didácticos (como Linguas Estranxeiras, Orientación, Música, Linguas, Física e Química, etc.): Colaboran na preparación pedagóxica do alumnado participante e na integración da aprendizaxe no currículo. Os departamentos de inglés e música destacan especialmente pola súa implicación nos programas bilingües e Pluribach.
- Equipo Directivo: Supervisa e valida todas as actividades do proxecto e garante a súa aliñación co plan estratéxico do centro. Apoia a xestión de recursos e a xustificación financeira do proxecto.

Xestión e supervisión:

A xestión do centro está dirixida polo Equipo Directivo, composto por:

- Dirección: Responsable da supervisión xeral do centro e dos seus proxectos.
- Vicedirección: Responsable da coordinación e execución de todas as actividades educativas do centro.

- Xefaturas de Estudos: Coordinan o calendario académico e as actividades relacionadas cos proxectos educativos e a vida estudantil.

- Secretaría: Responsable da xestión administrativa e orzamentaria, incluíndo a elaboración de informes financeiros dos proxectos Erasmus+.

En canto aos proxectos europeos, a figura clave é a persoa coordinadora Erasmus+, que actúa como enlace entre o centro, o SEPIE (Servizo Español de Cooperación e Formación Internacional) e as organizacións sociais internacionais.

O profesorado amosa unha actitude positiva cara a formación permanente e a innovación metodolóxica, participando activamente en programas de innovación educativa e convivencia.

O centro ten experiencia previa con proxectos e iniciativas europeas como eTwinning, o que proporciona unha base sólida para avanzar cara a unha internacionalización máis estruturada e estratéxica a través da acreditación Erasmus+.

3. Análise de necesidades (DAFO)

Fortalezas:

- Compromiso firme do equipo directivo coa internacionalización e a mellora educativa.
- Participación activa en programas europeos como eTwinning e no programa YAM (Youth Aware of Mental Health).
- Oferta educativa plurilingüe (Pluribach e seccións bilingües en ESO).
- Profesorado motivado e con interese na formación internacional e a innovación metodolóxica.
- Experiencia en programas de convivencia, prácticas restaurativas e colaboración con servizos sociocomunitarios.

Debilidades:

- Experiencia limitada na xestión de mobilidades internacionais de alumnado nos últimos anos.
- Necesidade de reforzar as competencias lingüísticas e dixitais do profesorado para responder aos retos actuais do sistema educativo.
- Necesidade de formación específica en xestión de proxectos Erasmus+.

Oportunidades:

- Erasmus+ como ferramenta de inclusión, mellora de resultados educativos e motor para modernizar o ensino e o prestixio institucional.
- Posibilidade de establecer alianzas estratéxicas e creación de redes con centros europeos afíns.

- Integración dos principios de inclusión, sostibilidade e dixitalización no proxecto educativo del centro.
- Acceso a formación internacional para o profesorado e a experiencias educativas transformadoras para o alumnado.
- Impulso do traballo colaborativo co Concello de Noia, CAFI e entidades sociais e culturais.
- Maior cohesión social e motivación do alumnado mediante experiencias europeas.

Ameazas:

- Risco de exclusión do alumnado con menos oportunidades se non se establecen medidas de apoio.
- Sobrecarga organizativa nos primeiros anos de implantación do Plan Erasmus.
- Dependencia da estabilidade do equipo coordinador.
- Dificultades económicas ou loxísticas para garantir a sostibilidade do proxecto a longo prazo.
- Cambios normativos o institucionais que afecten a continuidade do programa.

O IES Campo de San Alberto conta cunha base sólida para implementar un Plan Erasmus+, grazas ao seu compromiso institucional, á súa experiencia en programas europeos e á súa aposta pola convivencia e a sustentabilidade. Non obstante, o centro necesita reforzar a súa estrutura organizativa e as competencias internacionais do seu profesorado para garantir unha participación inclusiva, sostible e de alta calidade no programa.

4. Internacionalización e temáticas prioritarias

A internacionalización do IES Campo de San Alberto está orientada a converter o centro nun entorno educativo aberto, moderno e comprometido, utilizando Erasmus+ como motor de cambio e de creación de novas alianzas e redes colaborativas.

As temáticas prioritarias do plan están coordinadas cos catro principios do programa Erasmus+:

- Inclusión e diversidade: especial atención ao alumnado con menos oportunidades.
- Transformación dixital: desenvolvemento de competencias dixitais do alumnado e do profesorado.
- Medio ambiente e loita contra o cambio climático: proxectos vinculados á Axenda 2030.
- Participación democrática e valores comúns: cidadanía europea activa, convivencia e interculturalidade.
- Incorpórase tamén como principio fundamental e de forma transversal o coidado da saúde mental e o benestar emocional, entendido como condición necesaria para a

aprendizaxe, a convivencia e o desenvolvemento integral da nosa comunidade educativa.

O IES Campo de San Alberto identificou unha serie de necesidades clave e retos estratéxicos que condicionan tanto o presente como o futuro do noso proxecto educativo. A través da súa participación en Erasmus+, o centro busca dar resposta a estes desafíos e mellorar a calidade da educación que ofrece ao seu alumnado.

1. Mellorar a calidade do ensino e ampliar as oportunidades de aprendizaxe.

Un dos nosos principais retos é ofrecer unha educación máis aberta, actual e con valor engadido. Para acadalo, traballaremos co Plan Erasmus na internacionalización do centro mediante a participación en proxectos europeos que permitan ao alumnado aprender en contextos internacionais.

2. Fomentar a convivencia, o respecto e a diversidade.

Queremos promover unha cultura de convivencia inclusiva onde se valore a diversidade e se fomente a empatía. Vivir experiencias educativas noutros países permite que o noso alumnado coñeza outras culturas, formas de vida e sistemas educativos, axudándolles a desenvolverse como cidadáns globais.

3. Impulsar a igualdade de oportunidades.

Un dos nosos obxectivos prioritarios é garantir a inclusión do alumnado en risco de exclusión social ou procedente de entornas desfavorecidas. Queremos que estes estudantes sexan os primeiros en beneficiarse das oportunidades Erasmus+, como ferramenta para mellorar a súa autoestima, expectativas persoais e traxectoria académica.

4. Contribuír aos obxectivos de desenvolvemento sostible (Axenda 2030).

O noso proxecto educativo está parello cos principios da Axenda 2030, polo que promovemos actividades que fomenten a sostibilidade, a responsabilidade social e o compromiso coa contorna.

5. Mellorar as competencias lingüísticas.

O dominio de linguas estranxeiras, especialmente o inglés, é fundamental nunha sociedade multicultural. Buscamos aumentar a competencia comunicativa do alumnado e profesorado mediante experiencias reais de comunicación internacional.

6. Desenvolver as competencias dixitais.

A raíz da transformación dixital da educación, un dos nosos obxectivos é capacitar ao alumnado e profesorado no emprego de ferramentas dixitais, especialmente aquelas asociadas á xestión e desenvolvemento de proxectos Erasmus+ (eTwinning, School Education Gateway, Mobility Tool+, etc.).

Mediante a participación activa en programas europeos, o IES Campo de San Alberto busca responder a estes retos de forma innovadora, inclusiva e sostible, beneficiando tanto ao alumnado como ao conxunto da comunidade educativa.

5. Obxectivos do Plan Erasmus

Obxectivo 1. Mellorar a calidade do ensino mediante a formación internacional do profesorado.

Mellorar a calidade do ensino e ampliar as oportunidades de aprendizaxe do alumnado mediante a formación internacional do profesorado e a participación en programas de mobilidade europeos.

Este obxectivo responde á necesidade de modernizar o centro e ofrecer unha educación máis aberta e innovadora. A participación en programas de mobilidade permitirá ao profesorado adquirir novas metodoloxías e ao alumnado desenvolver habilidades académicas e persoais en contextos europeos.

Indicadores de logro: Número de programas de mobilidade realizados, aplicación de metodoloxías innovadoras na aula e mellora nos resultados académicos e na motivación do alumnado.

Obxectivo 2. Fomentar a convivencia, a interculturalidade e o respecto á diversidade.

Promover unha cultura escolar inclusiva a través de experiencias internacionais que fomenten a empatía, o respecto intercultural e a participación activa do alumnado.

Este obxectivo está vinculado á mellora do clima escolar e á prevención de comportamentos disruptivos. A participación en intercambios e proxectos europeos permitirá ao alumnado adquirir habilidades sociais e interculturais. Os principios do programa YAM e as prácticas restaurativas integraranse para fortalecer o benestar emocional e a convivencia positiva.

Indicadores de logro: participación do alumnado en programas de mobilidade inclusiva, número de actividades interculturais realizadas e mellora nos indicadores de convivencia e benestar.

Obxectivo 3. Garantir a igualdade de oportunidades no acceso a experiencias internacionais.

Facilitar o acceso aos programas de mobilidade Erasmus+ para o alumnado con menos oportunidades, promovendo a inclusión social e educativa.

O centro ten como obxectivo garantir que todo o alumnado poida beneficiarse de Erasmus+. Darase prioridade á participación do alumnado vulnerable, con apoio financeiro e educativo. Esta iniciativa reforza a cohesión social do centro e contribúe aos principios de equidade e inclusión do programa.

Indicadores de logro: Porcentaxe de estudantes con menos oportunidades que participan en programas de mobilidade e avaliación do seu impacto académico e persoal.

Obxectivo 4. Desenvolver competencias lingüísticas e dixitais do alumnado e profesorado.

Mellorar o dominio das linguas estranxeiras e o uso de ferramentas dixitais dentro da comunidade escolar.

A dimensión europea da escola require fortalecer o multilingüismo e a transformación dixital. A mobilidade do profesorado permitirá a integración de metodoloxías CLIL e recursos TIC. O

alumnado desenvolverá as súas competencias lingüísticas e dixitais participando en proxectos de colaboración internacionais e compartindo experiencias Erasmus.

Indicadores de logro: Avaliacións do dominio das linguas, uso de plataformas dixitais europeas e calidade dos proxectos Erasmus desenvolvidos polo alumnado..

Obxectivo 5. Contribuír ao desenvolvemento dos ODS e Axenda 2030 mediante proxectos europeos.

Promover a educación para o desenvolvemento sostible no centro a través de proxectos Erasmus+ e programas de mobilidade aliñados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 2030.

Este obxectivo aborda a necesidade de educar cidadáns responsables e comprometidos co seu contorno. O IES Campo de San Alberto integrará temas relacionados coa sostibilidade ambiental, o consumo responsable, a igualdade e a participación social nos seus programas e actividades de mobilidade Erasmus+. A participación en proxectos europeos permitirá compartir as mellores prácticas e fortalecer a dimensión ecolóxica e social do centro, vinculándoa ao programa YAM e ao benestar xeral do alumnado.

Indicadores de logro: Número de proxectos europeos desenvolvidos en torno aos ODS, participación do alumnado e do profesorado en actividades de sostibilidade e incorporación de prácticas responsables e sostibles na vida escolar.

6. Actividades previstas

- Mobilidades de formación do profesorado (cursos estruturados e *job shadowing*).
- Mobilidades de alumnado de Bacharelato e progresivamente de ESO así como de outros niveis de ensino.
- Proxectos colaborativos internacionais vinculados á sostibilidade, inclusión e cidadanía europea.
- Uso de plataformas dixitais como eTwinning para preparación e seguimento.

7. Impacto e difusión

O impacto do Plan Erasmus+ avaliarase a tres niveis: alumnado, profesorado e comunidade escolar. Espérase unha mellora demostrable na motivación académica, as competencias lingüísticas, a inclusión e o clima escolar.

Para garantir a visibilidade e a transferencia dos resultados, o centro creará un Espazo Erasmus+ físico dentro da institución e un Espazo Erasmus+ virtual no seu sitio web e nas redes sociais, onde se publicarán as experiencias, os resultados e os produtos xerados.

A accións de difusión incluírán:

- Publicacións periódicas en redes sociais e web do centro sobre o Programa Erasmus+, etiquetando ao SEPIE como organismo nacional.

- Colaboración co Concello de Noia, a prensa e a radio local para divulgar o proxecto Erasmus+ e os seus resultados.
- Presentación de resultados no claustro, o consello escolar e a comunidade educativa.
- Colaboración co CAFI, Centro Autonómico de Formación e Innovación.
- Participación en formacións TCA, Actividades de Cooperación Transnacional organizadas pola Axencia Nacional Erasmus+.
- Elaboración de podcasts e vídeos Erasmus+ vinculados ao programa YAM e á educación inclusiva.

8. Avaliación e sostibilidade

O Plan Erasmus será revisado anualmente mediante indicadores cuantitativos e cualitativos aliñados cos estándares de calidade Erasmus+. O centro aplicará un modelo transparente e democrático de selección de participantes, garantindo a igualdade de oportunidades.

Criterios para a selección do profesorado participante:

- Motivación e compromiso co Plan Erasmus.
- Participación activa en proxectos de innovación, convivencia e inclusión.
- Competencia lingüística e capacidade de transferencia ao centro.
- Equilibrio entre departamentos e perfís educativos.

Criterios para a selección do alumnado participante:

- Prioridade para alumnado con menos oportunidades ou en situación de vulnerabilidade.
- Interese e motivación por participar en actividades europeas.
- Rendemento académico e actitude responsable.
- Compromiso de participación en actividades de difusión e transferencia.

Información máis detallada en:

[Anexo I - Modelo bases de convocatorias Erasmus+ do IES Campo de San Alberto](#)

[Anexo II - Modelo solicitude mobilidades de persoal. Actividade: Aprendizaxe por observación](#)

A sostibilidade do Plan Erasmus garantírase mediante a integración dos resultados das mobilidades nos documentos estratéxicos do centro e na formación interna do profesorado.

ANEXO I - MODELO BASES CONVOCATORIAS ERASMUS+

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

1. BASES

O IES Campo de San Alberto participa no Programa Erasmus+.

As persoas interesadas en participar deberán presentar un proxecto no tempo indicado seguindo o modelo que se adxunta.

Os proxectos deberán estar relacionados con algunhas das liñas e obxectivos contemplados no noso Plan Erasmus:

- Inclusión e diversidade: especial atención ao alumnado con menos oportunidades.
- Transformación dixital: desenvolvemento de competencias dixitais do alumnado e profesorado.
- Medio ambiente e loita contra o cambio climático: proxectos vinculados á Axenda 2030.
- Participación democrática e valores comúns: cidadanía europea activa, convivencia e interculturalidade.
- Coidado da saúde mental e benestar emocional.

2. PRAZOS

PRESENTACIÓN SOLICITUDES E PROXECTO SEGÚN MODELO*	DATAS
PUBLICACIÓN PROVISIONAL BAREMACIÓN**	
PRESENTACIÓN RECLAMACIÓNS	
PUBLICACIÓN DEFINITIVA BAREMACIÓN**	

* Formulario de Solicitud online e modelo de proxecto dispoñible na Web do IES.

**A baremación publicarase na Web do centro e no Espazo Erasmus+ do IES.

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

Ao tratarse dun proxecto de centro, terá preferencia o persoal definitivo.

1. RELACIÓN E COMPROMISO COA ORGANIZACIÓN EDUCATIVA (40%)

1.1. Por antigüidade no centro educativo: 0,25 por ano. (Ata 1 punto)

1.2. Por participación en grupos de traballo e proxectos no centro educativo: 0,5 por proxecto. (Ata 3 puntos)

2. IDIOMAS E MÉRITOS (10%)

2.1. Certificados de nivel da lingua vehicular (ou no seu defecto Inglés): Ata 0.7 puntos

B1: 0,1 puntos. B2: 0,15 puntos. C1: 0,2 puntos. C2: 0,25 puntos

2.2. Por asistencia e aproveitamento en cursos e xornadas sobre internacionalización de centros educativos: Ata 0,3 puntos

3. ENTREVISTA PERSOAL (10%)

Valorarase:

- O coñecemento do Programa Erasmus+ e dos proxectos de internacionalización que se realizan no centro.
- As habilidades persoais e sociais da persoa candidata.
- Será obrigatorio o compromiso de difusión dos resultados de aprendizaxe trala mobilidade.

4. PROXECTO (40%)

Os criterios de valoración do proxecto persoal serán os seguintes:

- Xustificación e relación co Plan Erasmus e coa especialidade: 1 punto
- Descrición dos obxectivos e das actividades: 1 punto
- Aplicabilidade dos resultados e impacto no centro e na aula: 2 puntos

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes realizaranse mediante o formulario *googleforms* que figura no Espazo Erasmus+ da Web do centro e na solicitude.

ANEXO II - MODELO SOLICITUDE MOBILIDADES DE PERSOAL

ACTIVIDADE: APRENDIZAXE POR OBSERVACIÓN

NOME E APELIDOS:	
DEPARTAMENTO:	
DATAS PREVISIBLES DA ACTIVIDADE:	
PAÍS DE DESTINO:	
ORGANIZACIÓN DE ACOLLIDA:	
PERSOA DE CONTACTO DE ACOLLIDA:	

1. CONTEXTUALIZACIÓN

Información sobre a mobilidade.

Relación cos obxectivos do programa.

Organización de acollida.

Relación da mobilidade coa especialidade e co Proxecto Erasmus.

2. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Engadir todos os RA (Resultados de aprendizaxe) que se necesiten

RESULTADO 1

Materia, habilidade ou competencia principal:

Descrición:

RESULTADO 2

Materia, habilidade ou competencia principal:

Descrición:

3. PROGRAMA DE APRENDIZAXE E TAREFAS

Para acadar todos os RA, a persoa participante deberá levar a cabo unhas actividades e tarefas a lo longo da súa mobilidade.

ACTIVIDADES OU TAREFAS:

Descrición:

4. RESULTADOS ESPERADOS (PRODUTOS E EVIDENCIAS)**5. PLAN DE DIFUSIÓN DA MOBILIDADE**

Como se difundirá o observado á volta ao centro educativo.